



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS DEZASETE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA DEZ DE XUÑO DE DOUS MIL QUINCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás catorce horas e trinta e catro minutos do día dez de xuño de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros Xosé Luís Martínez Blanco Xulio Barreiro Lubián, Silvia Díaz Iglesias, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro, Jose Angel Lodeiro Cancela, M^a Alicia Martínez González, Angel Moldes Martínez, Celeste Nieto García, Aberto Villaverde Méndez, M^a del Carmen Torres Castiñeira, Manuel Domínguez Álvarez, Gregorio L. Agís Gómez e Consuelo Besada Lores; escusan a non asistencia os concelleiros D. Juan Jose Rodríguez Grandal e D^a. M^a del Mar Villaverde Rosales Actuando a Secretaria Xeral do Concello D^a. Paula Díaz Ramos. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4111.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES DO 28/04/2015 E 20/05/2015, NÚMEROS 515 E 516.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e segundo o establecido no artigo 36 dáse conta do contido das actas número 515 e 516 realizadas en sesións do 28/04/2015 e 20/05/2015 e non formulándose observación ningunha ás mesmas estas quedan aprobadas por unanimidade de asistentes.

A continuación toma a palabra o Sr. Alcalde agradecendo aos membros presentes o traballo realizado neste mandato e desexándolles aos corporativos cesantes sorte na nova etapa, nos ámbitos laboral e persoal.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás catorce horas e corenta minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.